

XIV Ciclo de Lied

SANTIAGO DE COMPOSTELA

setembro 2013

CENTENARIO BRITTEN

A CANCIÓN INGLESA NO SÉCULO XX




martes 17 de setembro

RODERICK WILLIAMS barítono
Teatro Principal 21.00



venres 20 de setembro

JAMES GILCHRIST tenor
Teatro Principal 21.00



martes 24 de setembro

ELIZABETH WATTS soprano
Hostal dos Reis Católicos 21.00
Concerto 20º aniversario
Grupo Ciudades Patrimonio de España



acompañados por

ROGER VIGNOLES piano

PREZOS:

Teatro Principal: 8 euros

Hostal dos Reis Católicos: entrada libre previa retirada de invitación

VENDA DE ENTRADAS:

entradas.novagalicabanco.es / 902434443
Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)

INFORMACIÓN:

www.compostelacapitalcultural.org

galegalirica@gmail.com / 981581652 / 981542347





**Ciclo de Lied 2013
Santiago de Compostela**

**CENTENARIO BRITTEN
A CANCIÓN INGLESA NO SÉCULO XX**

martes 17 setembro
RODERICK WILLIAMS barítono
ROGER VIGNOLES piano
Teatro Principal 21.00

mércores 18 de setembro
CONFERENCIA DE ROGER VIGNOLES
'Let the music florid praise!: Britten e a canción inglesa'
Facultade de Xeografía e Historia 20.00

venres 20 setembro
JAMES GILCHRIST tenor
ROGER VIGNOLES piano
Teatro Principal 21.00

martes 24 setembro
ELIZABETH WATTS soprano
ROGER VIGNOLES piano
Hostal dos Reis Católicos 21.00
Concerto 20º aniversario Grupo Ciudades Patrimonio de España

Britten / Sullivan / Shaw / Parry / Maconchy / Bush / Hughes-Jones / Walton / Purcell /
Bridge / Bennett ...

Teatro Principal: 8 euros
Hostal dos Reis Católicos: entrada libre previa retirada de invitación
Conferencia: entrada libre

entradas.novagaliciabanco.es / 902434443
Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
info: www.compostelacapitalcultural.org
galegalirica@gmail.com / 981581652 / 981542347



CENTENARIO BRITTEN A CANCIÓN INGLESA NO SÉCULO XX

Desde o ano 2000, preséntase en setembro en Santiago de Compostela este ciclo, único en Galicia e mesmo en España, que se caracteriza pola orixinalidade á hora de presentar cada ano unha visión diferente do escasamente difundido xénero musical do lied e a canción de cámara. O seu cartel está cheo de cantantes de sona no panorama da lírica internacional.


Ao longo destes doce anos pasaron polo Teatro Principal figuras e especialistas de recoñecido prestixio como Angelika Kirchschlager, John Mark Ainsley, Camilla Tilling, Mark Padmore, Bernarda Fink, Thomas Allen, François Le Roux, Monica Groop, Sarah Walker, Robert Hall, Measha Brueggergosman, Werner Güra, Sandrine Piau, Christoph Pregardien etc.

Peza angular desta programación é un dos grandes e más recoñecidos especialistas no xénero, o pianista inglés Roger Vignoles, que é codirector artístico do Ciclo de Lied compostelán. Para a edición do 2013 e coincidindo co centenario do nacemento dun dos grandes mestres da canción do século XX, Benjamin Britten, deseñamos un programa moi especial no que conmemoramos a este compositor inglés que ocupa un posto primordial na historia da música situándoo no seu contorno artístico, o dunha fecunda escola de composición de canción, a inglesa, que apenas tivo difusión fóra das illas británicas.

Unha oportunidade única para gozar dun fermoso, rico e descoñecido en España patrimonio musical da man de intérpretes de contrastada reputación internacional e coñecedores especialistas tanto do xénero do lied como do rico patrimonio musical que os compositores do seu país aínda seguen a producir: o tenor James Gilchrist, a soprano Elizabeth Watts e o barítono Roderick Williams.

Neste ciclo de lied teremos a oportunidade de escoitar aos grandes mestres da canción británica dos séculos XIX e XX, con Benjamin Britten á cabeza, xunto a obras de autores contemporáneos vivos como Elaine Hughes ou do recentemente falecido (hai escasos meses) Richard Rodney Bennett.

O concerto de clausura deste XIV Ciclo de Lied, que terá lugar na contorna histórica do Hostal dos Reis Católicos, está enmarcado nas celebracións do vixésimo aniversario do Grupo Cidades Patrimonio de España.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Martes 17 setembro
RODERICK WILLIAMS barítono
ROGER VIGNOLES piano
Teatro Principal 21.00

Parte 1


Henry Purcell (1658/9-1695) / arr. Benjamin Britten (1913-1976)
Let the Dreadful engines of eternal will (Que a espantosa maquinaria da vontade eterna),
de *Don Quixote*

Frank Bridge (1879-1941)
When most I wink (Vexo mellor)
Blow, blow, thou winter wind (Sopla, sopla, vento do inverno)
The last invocation (A derradeira invocación)
Journey's end (A fin da xornada)
Love went a-riding (O amor foise paseando)

Benjamin Britten (1913-1976)
Songs and Proverbs of William Blake op. 74 (Cancións e proverbios de William Blake)
Proverb I
London
Proverb II
The chimney sweeper (o desenfeluxador)
Proverb III
A poison tree (unha árbore envenenada)
Proverb IV
The tiger (O tigre)
Proverb V
The fly (A mosca)
Proverb VI
Ah, Sun-flower (ah, girasol)
Proverb VII
Every night and every Morn (cada noite e cada mañá)

Parte 2

Richard Rodney Bennett (1936-2012)
Songs before sleep (Cancións antes de durmir)
The Mouse and the Bumblebee (O rato e o abellón)
Wee Willie Winkie (Pequeno Willie Winkie)
Twinkle, twinkle, little star (Centila, centila, pequena estrela)
Baby, baby, naughty baby (Neno, neno, neno traveso)
As I walked by myself (Xa que camiñaba só)
There was an old woman (Había unha vella)



CONCELLO DE
SANTIAGO

Benjamin Britten (1913-1976)
Folksongs (arranxos de cancións populares, selección)
The Salley Gardens (Os xardíns Salley)
Little Sir William (Pequeno señor William)
O waly, waly (?)
The Ploughboy (O neno labrego)


RODERICK WILLIAMS barítono

Roderick Williams abrangue un amplio repertorio, dende o barroco á música contemporánea, en ópera, concertos e recitais. Mantivo unha estreita relación coa Opera North e a Scottish Opera, particularmente asociada cos papeis para barítono de Mozart. En outono de 2007 foi aclamado polas súas actuacións como Papageno en *A frauta máxica* na English National Opera, éxito que repetiu en 2008 e 2009 cantando *A Bohème* no Covent Garden.

Participou en estreas de óperas como as de David Sawer, Sally Beamish, Michael van der Aa, Robert Saxton e Alexander Knaifel. Traballou con orquestras de toda Europa, incluídas as da BBC no Reino Unido, e participou nos festivais de Edinburgo, BBC Proms, Cheltenham e Aldeburgh. Recentes e futuros compromisos inclúen o Conde (*As vodas de Fígaro*) na Scottish Opera, Ned Keene (*Peter Grimes*) no Royal Opera House, Goryanchikov (*From the House of the Dead*) na Opera North, Pollux (*Castor e Pollux* de Rameau) na English National Opera e *After Life* de Vano der Aa no Melbourne State Theatre, ademais de concertos con Lee Concert Spirituel, Royal Liverpool Philharmonic Orchestra, Manchester Camerata, BBC National Orchestra of Wales, Royal Scottish National Orchestra, The Hallé, Britten Sinfonia, Kings College, Ensemble Orchestral de París, Rias Kammerchor, Orquestra Sinfónica de Euskadi, Netherlands Radio Philharmonic, Danish National Radio Symphony Orchestra, Bach Collegium Japan, Pax Christi Chorale en Toronto, The Sixteen e London Philharmonic Orchestra.

Tamén interpretou Cynara coa Filarmónica da BBC nos Proms deste ano, o *Réquiem de Guerra* de Britten co Maggio Musicale e Semyon Bychkov en Florencia e estreou *O soño de Wagner* de Jonathan Harvey coa Sinfónica de BBC. Está considerado como un extraordinario cantante de recital que pode ser escoidado en salas e festivais como Wigmore Hall, Perth Concert Hall, Howard Assembly Room, Musikverein en Viena e en Raio 3, onde participou no programa "Voces" de Iain Burnside.

Posúe unha estensa discografía e as súas gravacións de canción inglesa con Iain Burnside conseguiron especial éxito. Tamén é compositor e os seus traballos foron presentados nas salas Wigmore e Barbican, a Purcell Room e, en directo, na radio nacional.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Venres 20 setembro
JAMES GILCHRIST tenor
ROGER VIGNOLES piano
Teatro Principal 21.00

Parte 1

Henry Purcell (1658/9-1695) / arr. Benjamin Britten (1913-1976)
O Solitude (Oh soildade)
If music be the food of love (Se a música fose o alimento do amor)
Lord, what is Man? (Señor, que é o home?)


Benjamin Britten (1913-1976)
The Holy Sonnets of John Donne op. 35 (Sonetos sagrados de John Donne op 35)
Oh my blacke Soule! (¡Oh, miña alma negra)
Batter my heart (Destruí o meu corazón)
Oh might those sighes and teares (Oh, que eses suspiros e lágrimas)
Oh, to vex me (Oh, para o meu desconcerto)
What if this present (E se ese presente)
Since she whom I lov'd (Desde que a muller que amaba)
At the round earth's imagined corners (Nos recantos imaxinarios da terra redonda)
Thoy hast made me (Ti creáchesme)
Death be not proud (Morte, non sexas orgullosa)

Parte 2

Roger Quilter (1877-1953)
Go, lovely rose op. 2 núm. 3 (Vai, fermosa rosa), de *Five English love lyrics op. 24*
Ralph Vaughan Williams (1872-1958)
Silent Noon (Silencioso mediodía), de *The house of life*, núm. 2
Muriel Hebert (1897-1984)
The Lake Isle of Innisfree (A isla do lago de Innisfree)
Roger Quilter (1877-1953)
O mistress mine op. 6 núm. 2 (Oh, miña dama)

Michael Tippett (1905-1998)
Songs for Ariel (Cancións para Ariel)
Come unto these yellow sands (Ven a esta praia dourada)
Full fathom five (A dez metros de profundidade)
Where the bee sucks (Onde a abella zuga)

Benjamin Britten (1913-1976)
Winter Words op. 52
At day-close in November (Ao solpor en novembro)
Midnight on the Great Western (Medianoite no Gran Oeste)



CONCELLO DE
SANTIAGO

Wagtail and baby (A lavandeira e o rapaz)
The little old table (A vella mesiña)
The Choirmaster's Burial (O enterro do mestre do coro)
Proud Songsters (Orgullosos paxaros cantores)
At the Railway Station, upway (Na estación de ferrocarril, cara ao Norte)
Before life and after (Antes da vida e despois)

JAMES GILCHRIST tenor

Comeza a súa vida laboral como médico, retomando a súa carreira musical en 1996. Recentemente participou na *Paixón segundo san Mateo* (Filarmónica de Rotterdam) e *As Estacións* (Royal Flemish Phil), *As Iluminacións* de Britten no Festival Aldeburgh, *La Finta Giardiniera* (AAM) e a *Serenata para tenor, trompa e cordas* (Amsterdam Sinfonietta), o *Mesías* coa Sinfónica de Washington, o *Réquiem* de Mozart en Moscova e San Petersburgo, unha xira con Concert Spirituel interpretando *Theodora* de Haendel, *Jephta* no Buxton Festival, *A Creación* de Haydn en Salzburgo, unha xira europea da *Misa Solemne* de Beethoven co Monteverdi Choir e *Parábolas de igrexa* coa Mahogany Opera en San Petersburgo, Tokio, Londres e nos festivais Aldeburg e Buxton.

Os seus papeis operísticos inclúen os de Quint en *A volta de rosca* de Britten, Ferrando en *Cosi fan tutte*; participou na obra de Vaughan Williams *Sir John Love* (Barbican/Radio 3) e en *Rei Arturo* de Purcell para Mark Morris na English National Opera. É un prolífico intérprete de recitais ao que acompañan Anna Tilbrook, Julius Drake e a harpista Alison Nicholls. As súas numerosas e exitosas gravacións inclúen *A bela muiñeira*, *O canto do cisne* e *A viaxe de inverno* para Orchid, *On Welonck Edge* para Linn, *Intimations of Immortality* para Naxos, o papel protagonista de *Albert Herring* e *O bico envenenado* de Vaughan Williams en Chandos, *Earth, Sweet Earth* de Leighton e *Palabras de inverno* de Britten (Linn).

Esta temporda interpretará *Paradies und die Peri* coa Leipzig Gewandhaus Orchestra, *Nocturno* de Britten con Sir Roger Norrington e a Sinfónica de Hong Kong, *Réquiem de Guerra* coa Orquestra Sinfónica de San Francisco, *Solomon* con Les Violons du Roy; de Haendel, *L'Allegro, il Penseroso ed il Moderato* co Grupo de Danza Mark Morris no Teatro Real en Madrid e unha serie de recitais con Anna Tilbrook na praza St John's Smith.



Martes 24 setembro

ELIZABETH WATTS soprano

ROGER VIGNOLES piano

Hostal dos Reis Católicos 21.00

Concerto 20º aniversario Grupo Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España

Parte I

Henry Purcell (1658/9-1695) / arr. Benjamin Britten (1913-1976)

Sweeter tan roses (As más doces rosas claras)

Take not a woman's anger ill (Non collas a rabia dunha muller)

Mad Bess (Tola Bess)

Arthur Sullivan (1842-1900)

Orpheus with his lute (Orfeo co seu laúde)

Martin Shaw (1875-1958)

I know a bank (Coñezo un banco)

Hubert Parry (1848-1918)

Willow, willow (Salgueiro, salgueiro)

Elizabeth Maconchy (1907-1994)

Ophelia's song (Canción de Ofelia)

Geoffrey Bush (1920-1998)

Sigh no more, ladies (Non suspiredes más, señoras)

Benjamin Britten (1913-1976)

The Poet's Echo, op . 76 (O eco do poeta)

Ekho (Eco)

Ja dumai, serdce pozbylo (O meu corazón)

Angel

Solovej i roza (O reiseñor e a rosa)

Epigramma (Epígrama)

Stikhi, sochinennyje noch'ju vo vremja bessonnycy (Liñas escritas durante unha noite de insomnio)

Parte 2

Elaine Hugh-Jones (1927-)

Queen of air and darkness (Raíña do aire e a escuridade)


Eight o'clock (Oito en punto)

The starlight night, de *Two night songs* (A estrela da noite de *Dúas canciones de noche*)

The nightingale near the house, de *Two night songs* (O reiseñor preto da casa de *Dúas canciones de noche*)

William Walton (1902-1983)

Three Sitwell Songs (Tres canciones sobre *Façades* de Edith Sitwell)



CONCELLO DE
SANTIAGO

Dapne (Daphne)

Through gilden trellises (A través das douradas celosías)

Old Sir Faulk (Fox trot) (O vello Sir Faulk)

Benjamin Britten (1913-1976)

On this island op 11 (Nesta illa)

Let the florid music praise! (¡Que a florida música louve!)

Now the leaves are falling fast (Agora as follas caen rapidamente)

Seascape (O mar)

Nocturne (Nocturno)


As it is, plenty (Tal e como é, abundante)

ELIZABETH WATTS soprano

Naceu en 1979 e foi cantora do coro da catedral de Norwich. Estudou arqueoloxía na Universidade de Sheffield e licenciouuse con matrícula de honra. Recibiu o premio de recitais Myra Verney da Worshipful Company of Musicians e en 2002 obtivo unha beca para estudar no Royal College of Music, onde foi discípula de Lillian Watson no curso de estudos avanzados de ópera na Benjamin Britten International Opera School. En 2004 foi seleccionada representante polo Young Concert Artist Trust antes de licenciarse con mención especial no Royal College en 2005. Ese mesmo ano recibiu o Queen Elizabeth the Queen Mother Rose Bowl, ademáis de moitos outros premios e galardóns, incluído o premio Lies Askonas do Royal College of Music, o premio Maggie Teyte e o premio da sección vocal da Royal Over-Sexas League.

Recentemente foi moi aplaudida a súa representación de Inglaterra no concurso Singer of the World de Cardiff de 2007, o cal lle valeu o prestixioso Rosenblatt Recital Song Prize e a selección automática para o sonado programa New Generation Artists de BBC Radio 3. Posteriormente, recibiu outros galardóns, como o premio Kathleen Ferrier de 2006, o premio Outstanding Young Artist Award de 2007 nos premios MIDEM de música clásica de Cannes e unha candidatura en 2007 para o premio Young Artist of the Year dá Royal Philharmonic Society. Como exalumna do Britten-Pears Young Artist Programme de Aldeburgh, actuou na Purcell Room, no Bridgewater Hall, no Wigmore Hall, no Queen Elizabeth Hall e no Festival de Aldeburgh, entre outros. Interpretou numerosos papeis operísticos, entre eles o de Flora de *The Knot Garden* nunha coprodución do Music Theatre Wales e a Royal Opera House, o papel protagonista de *Semele* de Haendel nunha producción da British Youth Opera e o papel de Arthébuze nunha actuación semiescenificada de *Actéon* de Charpentier baixo a dirección de Emmanuelle Haïm no Festival de Aldeburgh.


Os seus papeis para o Royal College of Music abarcan o de Flora de *Unha volta de rosca*, Poppea de *Agrippina*, Elmira de *Sosarme*, Fulvia de *Ezio* e Constance de *Diálogo das Carmelitas*. Entre 2005 e 2007, foi artista residente da English National Opera no seu programa de mozos cantantes, onde debutou como Papagena da *Frauta máxica*. Desde entón, interpretou o papel de Música e Esperanza de *Orfeo* coa English National Opera e a Handel and Haydn Society de Boston, varios papeis do *Rei Arthur* de Purcell, de novo coa



CONCELLO DE
SANTIAGO

English National Opera e en Berkeley (California) en colaboración co Mark Morris Dance Group, Barbarina e Susanna de *As vodas de Fígaro*, Atalanta de *Jerjes*. Está moi solicitada como recitalista e concertista, e actúa frecuentemente con pianistas como Roger Vignoles, Julius Drake e Gary Matthewman.

Os seus recitais teñen lugar tanto no Wigmore Hall como en festivais e salas de concertos de todo o Reino Unido. Recentemente actuou acompañada pola City of Birmingham Symphony Orchestra, a Royal Liverpool Philharmonic Orchestra, a Filarmónica de Londres, a Sinfónica da BBC, Northern Sinfonia e The English Concert. Proximamente actuará en más recitais do Reino Unido e en concertos coa Scottish Chamber Orchestra, a English Chamber Orchestra, a Royal Scottish National Orchestra, a Royal Philharmonic Orchestra, a Royal Liverpool Philharmonic, a Filarmónica de Londres, a Sinfónica e a Filarmónica daBBC, a Orquesta de Radio Televisión Española e Les Solistes Européens de Luxemburgo.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ROGER VIGNOLES piano

Internacionalmente recoñecido como un dos músicos e pianistas acompañantes más distinguidos do mundo, acompaña habitualmente aos mellores cantantes nos máis importantes auditórios e salas de concertos e está considerado como unha destacada autoridade no repertorio da canción. Inspirado ao escoitar a Gerald Moore, ao deixar a universidade decidiu dedicarse á carreira de pianista acompañante, completando a súa educación musical co distinguido mestre vienes Paul Hamburger. Desde ese momento, a crítica do mundo enteiro recoñeceu as súas grandes calidades como intérprete.

Na súa carreira, que abarca xa as catro décadas, colaborou con cantantes da categoría como Elisabeth Söderström, Kiri Te Kanawa, Thomas Allen, Olaf Bär, Barbara Bonney, Kathleen Battle, Christine Brewer, Brigitte Fassbaender, Bernarda Fink, Susan Graham, Thomas Hampson, Wolfgang Holzmair, Lorraine Hunt, Felicity Lott, Mark Padmore, John Mark Ainsley, Joan Rodgers, Robert Holl, Measha Brueggergosman, Miah Persson, Anne Schwanewilms, Kate Royal, Sarah Walker, etc.

Ademais de ofrecer recitais, dedica unha gran parte da súa actividade a idear e dirixir programas e festivais de canción. Creou varios ciclos no Queen Elizabeth Hall de Londres, como Young Brahms, Landscape into Song (unha homenaxe a Schubert) e Scenes from Schumann. De 1998 a 2002 foi director artístico do Nagaoka Winter Festival de Xapón, en 2007 foi director artístico do festival Leeds Lieder Plus e desde 2002 codirector artístico do Ciclo de Lied de Santiago de Compostela.

A súa extensa discografía inclúe gravacións moi eloxiadas –desde o lied alemán ata a mélodie francesa, pasando pola canción española e a canción de cabaré– con artistas como Susan Graham, Thomas Allen, Kiri Te Kanawa, Sarah Walker, Anthony Rolfe Johnson, Joan Rodgers, Véronique Gens, Bernarda Fink, Mark Padmore, Robert Holl, Christopher Maltman etc. Fai falta destacar a integral dos lieder de Strauss que dirixe para o selo Hyperion. É tamén un extraordinario profesor, e impartiou clases magistrais en Ámsterdam, Bruxelas, Copenhague, Estocolmo, Nova York, Boston, Baltimore, Montreal e Toronto. Acude regularmente á Universidade de Indiana (Bloomington), ao “Britten-Pears Young Artists” Programme en Snape e é Prince Consort Professor of Accompaniment no Royal College of Music de Londres. Desde 2004 dirixe o Sommer Lied Weinberg, un curso na alta Austria para cantantes e pianistas.